

Acordo de Consello de Goberno, de 24 de xullo de 2026, polo que se aproba a Normativa que regula o nomeamento de profesorado honorario da Universidade da Coruña

PREÁMBULO	1
CAPÍTULO I. O profesorado honorario.....	2
Artigo 1. Definición	2
Artigo 2. Requisitos	2
Artigo 3. Actividades	2
CAPÍTULO II. Procedemento para o nomeamento de profesorado honorario	2
Artigo 4. Solicitud	2
Artigo 5. Documentación.....	2
Artigo 6. Tramitación.....	3
Artigo 7. Nomeamento	3
Artigo 8. Prórroga.....	3
CAPÍTULO III. Réxime aplicable ao profesorado honorario	3
Artigo 9. Condicións.....	3
Artigo 10. Vinculación	3
Disposición adicional. Habilitación.....	4
Disposición transitoria	4
Disposición derogatoria	4
Disposición final. Entrada en vigor	4

PREÁMBULO

O acordo do Consello de Goberno do 27 de marzo de 2012, polo que se regulan as medidas incentivadoras para a xubilación voluntaria do profesorado dos corpos docentes universitarios da Universidade da Coruña, creou a figura do profesorado honorario e estableceu as condicións para acceder a ela.

Posteriormente, o Regulamento polo que se aproban as normas reguladoras do nomeamento de profesorado emérito e honorario da Universidade da Coruña, que aprobou o Consello de Goberno o 31 de maio de 2017, actualizou a súa definición e as súas condicións de acceso.

Neste marco, o Consello de Goberno da Universidade da Coruña aproba esta normativa para regular os requisitos de acceso á figura de profesorado honorario, as condicións relativas ao seu desempeño e as funcións que poderá desenvolver.

CAPÍTULO I. O profesorado honorario

Artigo 1. Definición

O profesorado honorario será nomeado entre o profesorado funcionario ou laboral que prestase servizos relevantes na Universidade, co fin de que contribúa desde a súa experiencia ao desenvolvemento da institución.

Artigo 2. Requisitos

As persoas que optaren ao nomeamento como profesorado honorario deberán reunir os seguintes requisitos:

- a) Estar en situación de servizo activo na Universidade da Coruña (UDC) no momento da súa xubilación.
- b) Ter a condición de profesorado permanente.
- c) Ter prestado servizos na universidade pública durante un mínimo de 20 anos a tempo completo, 10 deles na UDC.
- d) Ter recoñecidos un mínimo de dous tramos de actividade investigadora e catro de actividade docente.
- e) Ter dirixido tres teses de doutoramento, ou ter sido investigadora ou investigador principal de tres proxectos de investigación financiados con fondos públicos en convocatorias competitivas alleas á UDC, ou ter desempeñado cargos de xestión unipersoais durante un período mínimo de seis anos.
- f) Non ter sido obxecto de sanción disciplinar firme.

Artigo 3. Actividades

O profesorado honorario poderá desenvolver as seguintes actividades:

- a) Participar en actividades de investigación e/ou transferencia.
- b) Colaborar na docencia non regrada.
- c) Desenvolver as funcións de coordinación institucional regulamentariamente permitidas.

CAPÍTULO II. Procedemento para o nomeamento de profesorado honorario

Artigo 4. Solicitud

A solicitude para o nomeamento de profesorado honorario será presentada antes da data de xubilación da persoa proposta pola dirección do centro ou do departamento de adscrición, logo do acordo da xunta de centro e do Consello de Departamento, ante a vicerreitoría con competencias en materia de profesorado.

Artigo 5. Documentación

Xunto coa solicitude, deberase achegar a seguinte documentación:

1. O plan de actividades que desenvolverá a persoa proposta, se for nomeada profesora ou profesor honorario.
2. O currículo da persoa proposta.
3. O informe razoado do Consello de Departamento.
4. O informe razoado da xunta de centro.

Artigo 6. Tramitación

A vicerreitoría con competencias en materia de profesorado, logo de comprobar o cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 2, remitirá as solicitudes á comisión delegada do Consello de Goberno con competencias en materia de profesorado para que emita o correspondente informe e, posteriormente, ao Consello de Goberno para a súa aprobación, se for o caso.

Unha vez aprobada a proposta polo Consello de Goberno, a reitora ou o reitor efectuará o nomeamento.

Artigo 7. Nomeamento

O nomeamento será por tres anos. Con efectos honoríficos, terá carácter vitalicio.

Artigo 8. Prórroga

Poderá solicitarse prórrogas por períodos de dous anos, que finalizarán cando a persoa nomeada cumpra os 75 anos.

A prórroga deberá ser solicitada pola dirección do centro ou do departamento, logo do acordo da xunta de centro ou do Consello de Departamento, e deberá ir acompañada dun plan de actividades para ese período.

As solicitudes de prórroga serán resoltas pola comisión delegada do Consello de Goberno con competencias en materia de profesorado.

CAPÍTULO III. Réxime aplicable ao profesorado honorario

Artigo 9. Condicións

Para desempeñar as súas actividades o profesorado honorario terá dereito ao uso da conta de correo electrónico e das ferramentas informáticas institucionais, así como a acceder a todos os servizos da biblioteca universitaria. Así mesmo, poderá participar en todas as actividades culturais e deportivas nas mesmas condicións que o persoal en activo.

O centro habilitará espazos de traballo específico para o profesorado honorario.

Artigo 10. Vinculación

O nomeamento como profesorado honorario non suporá a existencia de ningún vínculo contractual coa UDC.

Disposición adicional. Habilitación

Habilítase a persoa titular da vicerreitoría con competencias en materia de profesorado para interpretar e resolver as dúbidas que presente a aplicación desta norma, e para ditar as instrucións que resulten precisas para a súa efectividade.

Disposición transitoria

Para as persoas que fosen nomeadas como profesorado honorario conforme co Regulamento polo que se aproban as normas reguladoras do nomeamento de profesorado emérito e honorario da UDC, que aprobou o Consello de Goberno o 31 de maio de 2017, rexerán as condicións nel establecidas.

Igualmente rexeranse por estas mesmas normas as solicitudes das persoas que se xubilen con data límite de 31 de agosto de 2026.

Disposición derogatoria

Esta normativa derroga calquera outra norma ou disposición da UDC relativa ao profesorado honorario, en concreto o Regulamento polo que se aproban as normas reguladoras do nomeamento de profesorado emérito e honorario da UDC, que aprobou o Consello de Goberno o 31 de maio de 2017, no que se refire ao profesorado honorario.

Disposición final. Entrada en vigor

Esta normativa entrará en vigor a partir do día seguinte ao da súa publicación no Taboleiro Electrónico Oficial (TEO) da UDC.

O reitor

Ricardo José Cao Abad